Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Conto: Levar os vellos a Porcarizas [ATU-980: The Ungrateful Son]

Porcarizas está en Lobeira (Ourense), e dise que antes era costume abandonar alí os vellos. Cando xa non podían traballar levábanos a Porcarizas para que morresen alí.

Un día foi un mozo levar a seu pai e cando chegaron díxolle o pai:

Anda, fillo, anda; déixame como te han deixar a ti.

Cando o mozo o oíu, colleu outra vez ó pai e volveu con el para a casa.

Véxase o documento Xente con rabo en Porcarizas.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

LORENZO FERNÁNDEZ, X., «Algunas habitaciones de pastores en la Sierra del Leboreiro», en Cuadernos de Estudios Gallegos, II, Santiago de Compostela, 1946-47.

Notas:

Tipo 980 C no catálogo internacional de contos folklóricos de Aarne/Thompson.